

## **MODIFICACIÓN DO ARTIGO 16.2 DO REGULAMENTO DE PROFESORADO (APROBADO NO CLAUSTRO O 24 DE XULLO DE 2012)**

### **ACTUAL MARCO NORMATIVO**

#### **A) Art. 94 dos Estatutos da Universidade de Vigo:**

*1. A Universidade de Vigo poderá nomear profesorado emérito entre o seu profesorado xubilado que prestase destacados servizos docentes e investigadores á Universidade.*

*2. O nomeamento do profesorado emérito será acordado polo Consello de Goberno por proposta dun Departamento.*

#### **B) Redacción actual do art. 16.2 do Regulamento de profesorado:**

*A contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta do departamento ao que pertence a ou o docente. Para tal efecto, o Consello de Goberno aprobará unha normativa que estableza as condicións de acceso á figura de profesorado emérito, retribución, termos da súa colaboración docente e investigadora, e mais a súa duración.*

#### **C) Proposta de reforma do art. 16.2 do Regulamento de profesorado:**

A contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta do Departamento ao que pertence a ou o docente. A tal efecto, o Departamento, a instancia da persoa interesada, deberá remitirle ao Consello de Goberno a súa proposta favorable ou desfavorable de nomeamento, que deberá ir acompañada dun informe preceptivo e non vinculante, xustificativo da decisión adoptada no Consello de Departamento.

Para tal efecto o Consello de Goberno aprobará unha normativa que estableza as condicións de acceso á figura de profesorado emérito, retribución, termos da súa colaboración docente e investigadora, e mais a súa duración.